



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

(ACTA NÚMERO 11)

Presidenta:D^ª. M^ª. del Pilar García Porto
(Por substitución)**Sres/as. Deputados/as:**D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Carlos López López
D^ª. Iria Castro Fernández**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:D^ª. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e un de marzo de dous mil vinde e cinco**, baixo a Presidencia de dona M^ª. del Pilar García Porto, por substitución, por ausencia do Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca e do Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora D^ª. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten o señor Presidente don José Tomé Roca, o señor Vicepresidente don Efrén Castro Caloto e o señor deputado don Iván Castro Díaz.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	1/34



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de marzo de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA RENOVACIÓN DA SALA 10 DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO, PROXECTO EXPOSITIVO SECCIÓN DE NUMISMÁTICA E MEDALLÍSTICA DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da renovación da Sala 10 do Museo Provincial de Lugo, consta no mesmo:


1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SW6YZN5F2X2FMUUOSIRJOOA.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7SW6YL3PXYXXOL4NWNL4CBEY.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7SW6YZDR7NTKMIWQQSC5ZXGQ.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7SQYKLLHR5XOHDQ44S732VM4.
5. Informe xurídico asinado pola xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7SQYIOLFE6JSUYQAWAKA27OA.
6. Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV7SQ4C5N5F5ZRM32X7GP3XFIM.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación da renovación da Sala 10 do Museo Provincial de Lugo cunha duración de seis meses, para a fabricación e preparación de todo o material, e un prazo máximo de tres meses para a subministración, instalación, retirada e modificación de todo o material obxecto deste contrato.

2º.- Aprobación do contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	2/34





criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e que permitan a contribuír a un servizo de calidade.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 74.770,00 € aos que hai que engadirlle 15.701,70 € (21%) en concepto de IVE o que ascende a un total de 90.471,70 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DA CUARTA EDICIÓN DO LIBRO GUÍA “OS BOLECHAS, DA ESCOLA Á GRANXA”.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de 12.000 exemplares da cuarta edición do libro guía “Os bolechas, da escola á granxa”, editado por Ediciones Bolanda S.L., consta no mesmo:


Providencia de inicio do contrato, con CSV: IV7SWMJSDYZLLCE7SM6F657BAE.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SWMIDH76MYS4ODX5XH5364M.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7SWMI7B5BZROWJQT6U4UDTCU.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7SXXB7LLRCTCPOYU7NOU7WDY.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	3/34



Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7SQ6DKLUB45SZCCN7VA4QP54.

Informe xurídico firmado pola Xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7SQ6DIJFG5XTBMRRUXMJADGE.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de 12.000 exemplares da terceira edición do libro guía “Os bolechas, da escola á granxa”, editado por Ediciones Bolanda S.L. 2025/CON_02/000035.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.


3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con pluralidade de criterios, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse o convite ao licitador que se indica a continuación: Ediciones Bolanda S.L. con CIF B15969066, e enderezo de correo electrónico: rcouto@bolanda.es

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 31.080 €, ao que se aplicará un IVE de 1.243,20 euros (4%), o que fai un total de 32.323,20 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	4/34





Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: CERVANTES.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-1401 “Doiras (LU-723)- Piornedo- límite provincial de León”, P.K. 28+509 a 30+409, LU-P-1402 “San Martiño da Ribeira (LU-722)- Quindous- Vilaquinte (LU-P-3505)” P.K. 8+850 a 9+600 e LU-P-1404 “San Román (LU-P-0702)- Quindous (LU-P-1402)” P.K. 5+000 a 10+300.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: CERVANTES.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-1401 “Doiras (LU-723)- Piornedo- límite provincial de León”, P.K. 28+509 a 30+409, LU-P-1402 “San Martiño da Ribeira (LU-722)- Quindous- Vilaquinte (LU-P-3505)” P.K. 8+850 a 9+600 e LU-P-1404 “San Román (LU-P-0702)- Quindous (LU-P-1402)” P.K. 5+000 a 10+300, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7SW63IN7WKXGRZQNXDMF7COE.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SVUBDPMW3RJPJABHDOT7TKU.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7SVUBDYEXZXOW7UNGQJ4DA4M.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7SVUB2ZEBYLPVK6MNN6NPTGI.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7SWEKMLJV2XGN7CBPFGPHCA.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7SQ2JIABWSZHJT6VYWKZX6AY.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7SQ2JONR67XW6JVXYN43RBB4.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: CERVANTES.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-1401 “Doiras (LU-723)- Piornedo- límite provincial de León”, P.K. 28+509 a 30+409, LU-P-1402 “San Martiño da Ribeira (LU-722)- Quindous- Vilaquinte (LU-P-3505)” P.K. 8+850 a 9+600 e LU-P-1404 “San Román (LU-P-0702)- Quindous (LU-P-1402)” P.K. 5+000 a 10+300, sometelo a

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	5/34



información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 203.051,13 €, dos cales 35.240,28 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

1º.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: BARALLA.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-0505 “Camporredondo (LU-410)- Biduedo”, P.K. 2+100 a 4+900.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14/03/2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:


“(…)

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7VS2R6HNR35S55UFOUB4SQC1¹.
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas, con CSV: IV7VS2QOZ5W3XHNNQJVE6II7EY.
3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7VSWQTFUNSR3EIWZU554CQIU.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7VSOZ5PYENTTBCQXVMOEAQEU.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7VSOZS3FMMITJ5RUYT4MQGGY.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7VSPLNJIPOZ7706M5E6R7SEM.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	6/34





7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 13/12/2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7V467L2B7Z5TRKY57RGDXUCU.

8. Publicación, o día 13/12/2024, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 16/01/2025, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7V2SXNFD5YVOF5AYPBAAJK654.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7VGG7YL40T7HXMCPVD5TRAE, reunida en acto público con data 14/02/2025, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica -criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

CHOLO SL	14,16
GRUPO BASCUAS 2008 SL	15,16
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	11,75
SERVICIOS AGRÍCOLAS Y EXCAVACIONES FONSAGRADA SLU	11,91
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL	15,00

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

BARALLA - REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA LU-P-0505 "CAMPOREDONDO (LU-410) - BIDUEDO", P.K. 2+100 A 4+900		CLASIFICACIÓN:	G-6-1
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)		75.665,12	
LCITACIÓN SEN IVE	62.533,16	13.131,96	IVE PARTIDA INDEPEND
VALOR ESTIMADO	68.786,48 €		
PRAZO DE EXECUCIÓN:	2 MESES	MAX 1.250,66 €	S/ LIC SEN IVE

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
		PREZO (IVE incluído - art 102) (57,50)	MELLORAS (M2 TRIPLO TRAT) (MAX 300) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 3 ANOS (7,50)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1 CHOLO SL		69.914,57 €	300	SI	148,76	24/1
2 GRUPO BASCUAS 2008 SL		66.585,31 €	0	SI	0,00	108/4
3 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		79.280,49 €	0	NO	110,74	2/0
4 SERVICIOS AGRÍCOLAS Y EXCAVACIONES FONSAGRADA SLU		70.059,00 €	300	SI	0,00	5/0
5 T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL		73.395,16 €	150	SI	247,93	40/4

Durante a apertura das ofertas, na da mercantil Obras y Saneamientos Galicia SL detéctase erro aritmético no cálculo do IVE sobre a base impositible, e polo tanto na suma total da oferta, polo que a mesa corríxeo inicialmente, pero ao facer a suma detéctase que a oferta supera o prezo de licitación, polo que de acordo co establecido no PCAP que indica "... O orzamento é máximo, non admitíndose propostas que superen o referido orzamento", a mesa por unanimidade acorda excluír do procedemento a mercantil Obras y Saneamientos Galicia SL.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	7/34



Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OBJECTIVOS (80)								XUIZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (20)		TOTAL
	PREZO (57,50)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 3 ANOS (7,50)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA (20)		
	OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	M2 TRIPLIO TRAT SUPERFICIAL REGOS GRAVILLA TRICAPA		SI /NO 7,5 /0		MAXIMO 2% LIC SEN IVE	1.250,66 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO		
			METROS 2 (MAXIMO 300)	PTOS	SI/NO	PTOS			IMPORTE	PTOS	
1 CHOLO SL	69.914,57 €	36,42	300,00	10,00	SI	7,50	148,76	3,00	14,16	71,08	
2 GRUPO BASCUAS 2008 SL	66.585,31 €	57,50	0,00	0,00	SI	7,50	0,00	0,00	15,16	80,16	
3 SERVICIOS AGRÍCOLAS Y EXCAVACIONES FONSAGRADA SLU	70.059,00 €	35,50	300,00	10,00	SI	7,50	0,00	0,00	11,91	64,91	
4 T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL	73.395,16 €	14,38	150,00	5,00	SI	7,50	247,93	5,00	15,00	46,88	

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
1	CHOLO SL	Oferta 69.914,57 €
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL	66.585,31 €
3	SERVICIOS AGRÍCOLAS Y EXCAVACIONES FONSAGRADA SLU	70.059,00 €
4	T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL	73.395,16 €

MEDIA
69.988,51

BAIXA DESPROPORCIONADA
62.989,66


Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

- a) Excluir a proposta presentada pola mercantil Obras y Saneamientos Galicia SL por presentar oferta superior ao orzamento da licitación.
- b) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS/ (GRUPO)	TOTAL
1 GRUPO BASCUAS 2008 SL	80,16
2 CHOLO SL	71,08
3 SERVICIOS AGRÍCOLAS Y EXCAVACIONES FONSAGRADA SLU	64,91
4 T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL	46,88

c) Requirir á empresa Grupo Bascuas 2008 SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos fixados no PCAP e a

IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY		Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	8/34





constitución da garantía definitiva por importe de 2.751,46 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Resolución da Presidencia de data 20/02/2025, con CSV: IV7SUTBDJMH66X624JXAF4SPIE, relativa á clasificación dos licitadores presentados e admitidos e acordando o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar: Grupo bascuas 2008 SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

13. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 21/02/2025, rematando o prazo de presentación o día 10/03/2025.

14. A mercantil Grupo Bascuas 2008 SL, presentou a documentación requirida o 24/02/2025 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Grupo Bascuas 2008 SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Grupo Bascuas 2008 SL con C.I.F. B-27370147 a contratación da obra denominada BARALLA.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-0505 "Camporredondo (LU-410)- Biduedo", P.K. 2+100 a 4+900. (2024/CON_02/000082) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 13/12/2024 nos termos seguintes:

- a. Prezo de 66.585,31 €, dos cales 11.556,13€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Aumento do prazo de garantía en 3 anos por enriba do obrigatorio.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	9/34



c. Cumprimento da oferta técnica

d. Prazo de execución 1 mes. (Previsto nos pregos – 2 meses- coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, -30 días naturais-)

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Grupo Bascuas 2008 SL con C.I.F. B-27370147 a contratación da obra denominada BARALLA.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-0505 “Camporredondo (LU-410)- Biduedo”, P.K. 2+100 a 4+900. (2024/CON_02/000082) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 13/12/2024 nos termos seguintes:

a. Prezo de 66.585,31 €, dos cales 11.556,13 € corresponden ao IVE (21%).


b. Aumento do prazo de garantía en 3 anos por enriba do obrigatorio.

c. Cumprimento da oferta técnica.

d. Prazo de execución 1 mes. (Previsto nos pregos – 2 meses- coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, -30 días naturais-).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	10/34





Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: RIOTORTO.- Rehabilitación de firme LU-P-4404 “Riocabo (N-640)- Aldurfe- As Rodrigas (LU-P-5501A)” P.K. 15+000 a 18+030.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14/03/2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7VSPSPMPMWTVDRLU4QU4TYBCM².
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas, con CSV: IV7VTSYOPAMC7LW76VF4IB26HY.
3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7VTS74JVRIRRE3C7YRA4C04U.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	11/34



4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7V5XDIDJ6TSXHZ24XF4YHQPY.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7V5XDN3IXKT7PJWPWBOH2RII.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7V5XXSOHU4L6V2SIEV4EICGI.
7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 27/12/2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7V66ACNBGTSXGOUHXCIB6CI.
8. Publicación, o día 27/12/2024, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 28/01/2025, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7VETQPJAZ37CM6WXQRKEH6MI.
11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7VFWRTJJEDZGZDYIHBOU3SGI, reunida en acto público con data 07/02/2025, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	18,75
GRUPO BASCUAS 2008 SL	18,50
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	13,00

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

RIOTORTO - REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4404 "RIOCABO (N-640) - ALDURFE - AS RODRIGAS (LU-P-5501A)" P.K 15+000 A 18+030		194.126,22		CLASIFICACIÓN:		
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)		160.434,89		IVE. PARTIDA INDEPEND		
LICITACIÓN SEN IVE		33.691,33		MAX		
VALOR ESTIMADO		176.478,38 €		3.208,70 €		
PRAZO DE EXECUCIÓN:		2 MESES		S/ LIC SEN IVE		
EMPRESAS/ (GRUPO)		OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
	DOC "A"	PREZO (IVE incluído - art 102) (57,50)	MELLORAS (cuneta) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 3 ANOS (7,50)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	188.981,88 €	10	NO	100,00	42/0
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL	192.184,95 €	0	SI	0,00	108/4
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL *	193.970,91 €	0*	NO	371,90	2/0

Durante a apertura da oferta observase que a mercantil Obras y Saneamientos Galicia SL, achega o Anexo III "oferta económica" cunha denominación de obra distinta da que é obxecto de licitación, así como na denominación das melloras fai referencia a outras distintas ás que corresponden a esta obra segundo o PCAP, polo que a mesa, tendo en conta o establecido no PCAP, e que a oferta se presenta na licitación e sobre correspondente ó expediente 2024/CON_02/000090, acorda concederlle un prazo de 3 días para que ratifique a súa oferta achegando o Anexo III que corresponde coa obra obxecto de licitación, sen alterar a súa oferta, unicamente trasladala ao Anexo III correcto, coa advertencia que a inobservancia deste feito poderá determinar a exclusión do licitador.

IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY		Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	12/34





12. Requirimento e emenda da documentación solicitada da mercantil Obras y Saneamientos Galicia SL.

13. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7VGG74LBJYTD5PWUN44NXAIE, reunida en acto público con data 14/02/2025, dando conta da documentación emendada, podendo proseguir coas actuacións relativas á licitación, e tendo en conta as ofertas presentadas, resulta a seguinte puntuación:

EMPRESAS/ (GRUPO)	OBJECTIVOS (80)									XUIZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (20)	TOTAL
	PREZO (57,50)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 3 ANOS (7,50)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA (20)		
	OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	CUNETA REVESTIDA FORMIGON		SI/NO 7,5 /0		MAXIMO 2% LIC SEN IVE	3.208,70 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO		
			METROS (MAX 300)	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS		
1 CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	188.981,88 €	57,50	10,00	0,33	NO	0,00	100,00	1,34	18,75	77,92	
2 GRUPO BASCUAS 2008 SL	192.184,95 €	21,70	0,00	0,00	SI	7,50	0,00	0,00	18,50	47,70	
3 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	193.970,91 €	1,74	0,00	0,00	NO	0,00	371,90	5,00	13,00	19,74	

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		188.981,88 €
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL		192.184,95 €
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		193.970,91 €


MEDIA	191.712,58
BAIXA DESPROPORCIONADA	172.541,32
10% ARRIBA	210.883,84

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	TOTAL
1 CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	77,92
2 GRUPO BASCUAS 2008 SL	47,70
3 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	19,74

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	13/34



b) Requirir á mercantil Construcciones Isidro Otero SL, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 7.809,17 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

14. Resolución da Presidencia de data 20/02/2025, con CSV: IV7SUTBDBZVJV7FJYPUHJ4CUGQ, relativa á clasificación dos licitadores presentados e admitidos e acordando o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar: Construcciones Isidro Otero SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

15. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 21/02/2025, rematando o prazo de presentación o día 10/03/2025.


16. A mercantil Construcciones Isidro Otero SL presentou a documentación requirida o 07/03/2025 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Isidro Otero SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Isidro Otero SL con C.I.F. B-27250182 a contratación da obra denominada RIOTORTO.- Rehabilitación de firme LU-P-4404 "Riocabo (N-640)- Aldurfe- As Rodrigas (LU-P-5501A)" P.K 15+000 a 18+030 (2024/CON_02/000090) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 27/12/2024 nos termos seguintes:

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	14/34





- a. Prezo de 188.981,88 €, dos cales 32.798,51€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Melloras de obra consistentes en 10 m de cuneta revestida coas características indicadas no PCAP.
- c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 100,00€ mais IVE.
- d. Cumprimento da oferta técnica
- e. Prazo de execución 1 mes. (Previsto nos pregos -2 meses- coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, -30 días naturais-)

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construcciones Isidro Otero SL con C.I.F. B-27250182 a contratación da obra denominada RIOTORTO.- Rehabilitación de firme LU-P-4404 “Riocabo (N-640)- Aldurfe- As Rodrigas (LU-P-5501A)” P.K 15+000 a 18+030 (2024/CON_02/000090) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 27/12/2024 nos termos seguintes:

- a. Prezo de 188.981,88 €, dos cales 32.798,51 € corresponden ao IVE (21%).

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	15/34



- b. Melloras de obra consistentes en 10 m de cuneta revestida coas características indicadas no PCAP.
- c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 100,00€ mais IVE.
- d. Cumprimento da oferta técnica.
- e. Prazo de execución 1 mes. (Previsto nos pregos -2 meses- coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, -30 días naturais-).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


3º.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: CASTRO DE REI.- Explotación porcina de cerdo celta destinada a docencia.*

A Xunta de Goberno, a proposta da Presidencia, acorda deixar o asunto sobre a mesa co obxecto de complementar información.

6.- PROPOSTA RELATIVA Á TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DO ÚNICO LOTE DE PARCELAS, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, SITAS NO LUGAR DE ADEGA, SAN FACUNDO DE RIBAS DO MIÑO, CONCELLO DE PARADELA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	16/34





“De acordo coa certificación emitida pola Sección de Inventario Xeral, da Deputación Provincial, en data 11 de marzo de 2025, baixo o CSV IV7SWIBNF4UNXNOMUIION4AYON4, as parcelas obxecto deste procedemento están inscritas non Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no epígrafe I, número cincuenta e tres, folios douscentos sesenta e tres a douscentos sesenta e nove, baixo o nome San Facundo– Ribas de Miño e, en canto ao seu título de adquisición a certificación dí:

“Por acordo da Xunta de Goberno, en sesións ordinarias celebradas os días 22 de outubro de 2.004 e 6 de maio de 2.005, adquírense por mutuo acordo as bens e dereitos necesarios para a execución da obra no 338 P.O.L 2003 Paradela.- “Acceso a San Facundo, P.K. 2,20-3,60”.

Por acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada a día 30 de xuño de 2.006, adquírense por mutuo acordo as bens e dereitos necesarios para a execución da obra no 387 P.01 2004 Paradela.- “Acceso a San Facundo”.

Por acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada a día 11 de abril de 2.008, adquírense por mutua acordo as bens e dereitos necesarios para a execución da obra no 463 P.O.L 2005 Paradela “Accesa a San Facundo, acondicionamento do P.K. 3,600 ao 4,380.”

De acordo, co exposto, a Deputación Provincial realiza este procedemento de alleamento de parcelas, sitas ao carón do túnel construído pola Deputación no lugar de Adegá, Termo Municipal de Paradela, para dar unha finalidade ou uso a unhas parcelas que carecen de utilidade para a Deputación Provincial e promovendo, así, o desenvolvemento económico e social da provincia a través da implantación de novas actividades económicas e sociais neste termo municipal.


Coa dita finalidade o procedemento será de concorrencia pública mediante a celebración de poxa pública e se levará a cabo por esta Deputación Provincial, para o que se redacta o prego reitor coas condicións xerais que servirán para a adxudicación das parcelas.

Visto o informe emitido ao efecto pola Sección de Patrimonio e a Secretaría Xeral, en data de 20.03.25 con CSV IV7SQDZPGERZJV00Q56E45TWLY.

Visto o informe emitido pola Intervención Provincial, en data de 20.03.25 con CSV IV7SQDY7LXVNR2XLAVHVIQBVP4.

Tendo en conta todo o anterior, propónse á Xunta de Goberno:

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	17/34



1º.- Iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de diversas parcelas sitas no lugar de Adegas, San Facundo de Ribas de Sil, no Concello de Paradela mediante a celebración de poxa pública.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública de alleamento mediante a celebración dunha poxa e a súa adxudicación.

3º.- Proceder á publicación das bases que regularán o presente procedemento de alleamento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, DE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2025.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.


Tendo en conta que nesa perspectiva se desenvolve a convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2025, co fin de promover e difundir o deporte e tendo en conta o peso da disciplina no deporte lucense e o seu importante seguimento social e así mesmo como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva desta competición.

Visto que de acordo co previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (Plan plurianual 2023-2025), Área de Deportes na súa liña 12.1 Deportes, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de vinte de xaneiro de 2023 (Actualización para o ano 2025 desta entidade, mediante o Anexo I, sobre liñas actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2025 aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 24 de xaneiro de 2025) búscase promover ente outros obxectivos específicos dos recollidos no referido Plan:

4) (...) Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.

5) Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, aloita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	18/34





- 6) Proporcionarlle á poboación a posibilidade dunha practica deportiva continuada.
 - 12) Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.
 - 13) Propiciar a practica deportiva da poboación da provincia.
 - 14) Promover e fomentar un aumento da practica deportiva da poboación que supoña un aumento do tempo de lecer saudable.
 - 17) Á promoción e formación deportiva a través da promoción do deporte limpo e de maior repercusión social.
 - 22) Desenvolver iniciativas novas ou de nova implantación na provincia, co fin de consolidar a practica deportiva na provincia.
- Visto o informe do servizo de Deportes.
Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.
Visto o informe do Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión dos premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2025.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481 do orzamento da anualidade 2025, segundo se recolle no vixente Plan Estratéxico de Subvencións, dentro da Liña 12.1 C) Deportes da Área funcional de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica. Actualización para o ano 2025, Anexo I, sobre liñas actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2025.


3º.- Aprobar os modelos de anexos para participar nesta convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 28 de xuño de 2024, onde se resolveu o

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	19/34



concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 058 do 09 de marzo de 2024, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Vicepresidente, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CLUB CICLISTA LA VIVARIENSE	CICLISMO	1.500,00 euros

9.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de mil douscentos trinta e cinco euros (1235,00 €), ao Club Ciclista “San Miguel” con CIF: G27115617 para Ciclismo; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024, emite o seguinte, informe:

Primeiro.- Que o Club Ciclista “San Miguel” presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 20/01/2025 11:11:43 e numero de expediente 2025/PES_03/001053 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2024, concedida para Ciclismo, por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xuño de 2024.

Segundo.- Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo do día 01 de marzo de 2024, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

Anexo I: Instancia de conta xustificativa.

Anexo II: Memoria de actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade e dos resultados obtidos.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	20/34





Cadro de importes de financiamento.

Declaración do custo total da actividade subvencionada.

Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.

Anexo III: Declaración responsable relativa a:

Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

V. Que o beneficiario ao que represento:

Asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Non asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

VII. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

VIII. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.

Anexo IV (actividade competitiva/eventos).

Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acreedor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	21/34



No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Outra documentación.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:

Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:

Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.

No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.


A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	22/34





polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.

Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).

O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	23/34



Terceiro.- Que revisada a documentación xustificativa, con data 03/02/2025 14:12:00 e número de rexistro de saída 2025RPS001338, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:

Anexo IV. Relación clasificada e imputación de gastos.

No anexo non se relacionan as licenzas dos deportistas polo que non se acredita a realización da actividade competitiva. Deberá relacionar as facturas de licenzas.

A factura de One.com non está a nome do beneficiario polo que non pode ser incluída na relación de gastos. Logo de emendar a relación de gastos deberá emendar o custo total, o anexo I, e o anexo II, puntos II e III.

Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida.

Anexo I. Instancia.

A denominación da actividade é incorrecta (Ciclismo).

A cantidade solicitada é incorrecta (1.425,00 €).

Logo de modificar a relación de gastos deberá emendar o custo total.

Anexo II. Memoria xustificativa.

A denominación da actividade é incorrecta (Ciclismo).

Características: debe indicar as categorías nas que compite.

Destinatarios: debe indicar o numero de deportistas.

Descrición das actividades realizadas: debe indicar as competicións de carácter federado nas que participaron.

Nivel de logros: debe indicar os resultados deportivos.

Cadro de financiamento:

Logo de emendar a relación de gastos deberá modificar os puntos II e III.

Punto III:

O orzamento indicado é incorrecto (1.500,00 €).

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Certificado da federación relativo ás probas de carácter federado e competitivas nas que participaron.

O documento de Zambora SC de data 18/07/2024 de 3802,10 € é unha factura proforma, deberá ser factura.

Dita factura non indica o numero de unidades nin os prezos unitarios.

Cuarto.- Visto que consta recepción electrónica do requirimento da conta xustificativa asinada por parte do beneficiario de data 03/02/2025 20:58:36.

Quinto.- Que con data 11/02/2025 18:02:39 e número de expediente 2025/PES_03/001053, e por tanto dentro do prazo de 10 días previsto no referido requirimento, a entidade Club Ciclista "San Miguel" presentou documentación relativa ao requirimento de emenda de conta xustificativa formulado.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	24/34





Sexto.- Que revisada a documentación presentada pola entidade Club Ciclista “San Miguel” detectase que presenta un certificado da Federación Galega de ciclismo no que indica que o referido club participou na tempada 2024 en probas de carácter no competitivo incluídas nos calendarios oficiais da Federación Galega e Real Federación Española de Ciclismo, e relaciona as seguintes probas: XI Btt Eurocida BTT, Desafío Lagos Covadonga, VII Desafío San Miguel e II Desafío Cerne, todas elas da categoría cicloturismo.

Sétimo.- Tendo en conta o punto 1 das bases reguladoras, de definición do obxecto da subvención:

A. Liña de axudas á actividade competitiva federada.

Axudas destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia) que desenvolvan a súa participación en competicións organizadas polas respectivas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no Anexo A destas bases e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base e que desenvolvan a actividade competitiva e deportiva para a que solicitan a axuda na provincia de Lugo, sen prexuízo, no seu caso, da respectiva estrutura e distribución xeográfico- deportiva de cada unha das distintas categorías, campionatos e competicións de cadansúa federación deportiva.

Tendo en conta o punto 3 das bases reguladoras, de requisitos que deberán reunir os beneficiarios:

Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto A das finalidades (actividade competitiva) todos aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede na provincia de Lugo) cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no Anexo A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial, desenvolvan a actividade competitiva e deportiva e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.

Oitavo.- Que no anteriormente referido requirimento, advertíase que de conformidade co establecido no artigo 34.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, no suposto de falta de xustificación producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Noveno.- Que en consecuencia e de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, na que se prevé que a falta de presentación da xustificación poderá implicar a

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	25/34



perda do dereito ao cobro da subvención previo tramite do correspondente expediente.

Décimo.- Que por acordo da Xunta de Goberno de data 21 de febreiro de 2024 se acorda o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e presentar as alegacións que considere oportunas.

Décimo primeiro.- Que con data 25/02/2025 14:08 e numero de rexistro de saída 2025RPS002798 e de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificouse o referido acordo de Xunta de Goberno e de apertura do trámite de audiencia, para que no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción presentase as alegacións que considere oportunas, e do que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 27/02/2025 14:09:42.

Décimo segundo.- Que transcorrido o prazo determinado para o tramite de audiencia, non consta no servizo de Deportes a presentación de documentación e/ou alegacións polo beneficiario Club Ciclista "San Miguel".

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a Club Ciclista "San Miguel" por importe de mil douscentos trinta e cinco euros (1.235,00 €) para Ciclista, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.


O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO DE ATS/ DUE PARA

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	26/34





PRESTAR SERVICIOS DE CARÁCTER TEMPORAL NESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).


Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade, compróbase que neste momento so hai unha persoa dispoñible para ser chamada no caso de que se precise cubrir prazas de maneira urxente para a prestación de servizos temporais de ATS/DUE, constatándose a necesidade de que a entidade amplíe a listaxe existente para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20. cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da vixente listaxe de emprego temporal ATS/ DUE, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 da Lei do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020), e corrección de erros aprobada na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020).

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	27/34



4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA PÚBLICA E DAS BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE “COORDINADOR/A DE PROXECTO”, QUE PRESTARÁN SERVIZOS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL VINCULADOS/AS AO PROGRAMA EUROPEO: “RETO RURAL DIGITAL”, PARA PROXECTOS DE CAPACITACIÓN DIXITAL NO MEDIO RURAL, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, PROXECTO: “Y PARA DIGITALIZARSE LUGO”.


Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Dende a Área de Promoción Económica e Social, Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial de Lugo remítese escrito no que pon de manifesto que vaise desenvolver un programa europeo: “Reto rural digital”, para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, proxecto: “Y para digitalizarse Lugo”.

Con data 13.02.2025, a Subdirección Xeral de Análise, Planificación e Axudas do Ministerio de Transformación Dixital e Función Pública notificou a proposta de resolución definitiva da concesión de axudas do programa “Reto rural digital” para proxectos de capacitación dixital, no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, e reguladas pola Orde TED/1326/2023, do 17 de novembro. A Deputación Provincial de Lugo identifícase no “Anexo I. Listado de solicitantes a los que se propone conceder la subvención” co número de expediente A-003-C19, ocupando o posto número 7 na orde de prelación.

Para poñer en marcha e xestionar o programa é preciso contar con persoal que preste servizos como Coordinador/a de proxecto, cuxa financiación irá con cargo a axuda concedida no marco do Programa Europeo: “Reto rural digital”, para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, proxecto: “Y para digitalizarse Lugo”.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	28/34






Constatando que non existe persoal na Entidade que poda prestar os citados servizos, segundo os datos que figuran no Servizo de Recursos Humanos, débese acudir a incorporar persoal laboral temporal ao considerar que a necesidade e a urxencia da incorporación de efectivos está motivada na imposibilidade de poñer en marcha o Programa sen contar con efectivos así como pola data de inicio do mesmo, cumprindo as exigencias da normativa vixente, en particular as referidas ao artigo 20. cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, que establece que “Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de persoal funcionario interino excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e non aprazables, nos supostos e de acordo coas modalidades previstas polo texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na súa redacción dada por Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na súa redacción dada pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, así como no resto de normativa aplicable”.

Nas listaxes de emprego temporal vixentes non existe a categoría de “Coordinador/a de proxecto” polo que resulta necesario convocar o proceso selectivo para confeccionar a listaxe de “Coordinador/a de proxecto”, ao obxecto de poder realizar os chamamentos para a prestación de servizos temporais en réxime xurídico laboral motivado na propia exigencia do programa europeo: “Reto rural dixital”, para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, proxecto: “Y para digitalizarse Lugo”.

Con fundamento no exposto con anterioridade; a incorporación destes efectivos está suficientemente xustificada; cumpríndose as esixencias da normativa vixente, en particular os referidos ao artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, en uso das atribucións que lle confire á Xunta de Goberno a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020), propono á Xunta de Goberno acordar:

1º.- Aprobar as bases que rexeran o proceso selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal, de “Coordinador/a de proxecto”, ao obxecto de prestar servizos de carácter laboral temporal na Deputación Provincial de Lugo vinculados/as ao programa europeo: “Reto rural dixital”, para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, proxecto: “Y para digitalizarse Lugo” mediante o sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, grupo A, subgrupo A2.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	29/34



2º.- Aprobar a convocatoria pública do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de “Coordinador/a de proxecto”, ao obxecto de prestar servizos de carácter laboral temporal na Deputación Provincial de Lugo vinculados/as ao programa europeo: “Reto rural digital”, para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, proxecto: “Y para digitalizarse Lugo”, mediante o sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, grupo A, subgrupo A2.

3º.- Empregar as listaxes de emprego temporal que se convocan exclusivamente para a incorporación de persoal financiado con cargo á axuda concedida no marco do programa europeo: “Reto rural digital”, para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, proxecto: “Y para digitalizarse Lugo”.

4º.- Aplicar os criterios que regulan o funcionamento das Listaxes de Emprego Temporal da Deputación Provincial de Lugo, recollidos nas resolucións de Presidencia de datas 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 8 de outubro de 2009), 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26 de decembro de 2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15 de febreiro de 2019), ou, no seu caso, segundo os criterios vixentes no momento da súa aplicación, publicadas na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo no apartado Emprego Público - RRHH - Selección Temporal.

5º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos sinalados nas bases, desexe participar no proceso selectivo.

6º.- Ordear a publicación da presente convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases.


7º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA PÚBLICA E DAS BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE “PERSONAL DE APOIO Á COORDINACIÓN DE PROXECTO”, QUE PRESTARÁN SERVIZOS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL VINCULADOS/AS AO PROGRAMA EUROPEO: “RETO RURAL DIGITAL”, PARA PROXECTOS DE CAPACITACIÓN DIXITAL NO MEDIO RURAL, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, PROXECTO: “Y PARA DIGITALIZARSE LUGO”.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	30/34





“Dende a Área de Promoción Económica e Social, Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial de Lugo remítese escrito no que pon de manifesto que vaise desenvolver un programa europeo: “Reto rural digital”, para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, proxecto: “Y para digitalizarse Lugo”.


Con data 13.02.2025, a Subdirección Xeral de Análise, Planificación e Axudas do Ministerio de Transformación Dixital e Función Pública notificou a proposta de resolución definitiva da concesión de axudas do programa “Reto rural digital para proxectos de capacitación dixital, no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, e reguladas pola Orde TED/1326/2023, do 17 de novembro. A Deputación Provincial de Lugo identifícase no “Anexo I. Listado de solicitantes a los que se propone conceder la subvención” co número de expediente A-003-C19, ocupando o posto número 7 na orde de prelación.

Para poñer en marcha e xestionar o programa é preciso contar con persoal que preste servizos como “Persoal de apoio á coordinación de proxecto”, cuxa financiación irá con cargo a axuda concedida no marco do Programa Europeo: “Reto rural digital”, para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, proxecto: “Y para digitalizarse Lugo”.

Constatando que non existe persoal na Entidade que poda prestar os citados servizos, segundo os datos que figuran no Servizo de Recursos Humanos, débese acudir a incorporar persoal laboral temporal ao considerar que a necesidade e a urxencia da incorporación de efectivos está motivada na imposibilidade de poñer en marcha o Programa sen contar con efectivos así como pola data de inicio do mesmo, cumprindo as exixencias da normativa vixente, en particular as referidas ao artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, que establece que “Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de persoal funcionario interino excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e non aprazables, nos supostos e de acordo coas modalidades previstas polo texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na súa redacción dada por Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na súa redacción dada pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, así como no resto de normativa aplicable”.

Nas listaxes de emprego temporal vixentes non existe a categoría de “Persoal de apoio á coordinación de proxecto” polo que resulta necesario convocar o proceso selectivo para confeccionar a listaxe de “Persoal de apoio á coordinación de

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	31/34



proxecto”, ao obxecto de poder realizar os chamamentos para a prestación de servizos temporais en réxime xurídico laboral motivado na propia existencia do programa europeo: “Reto rural digital”, para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, proxecto: “Y para digitalizarse Lugo”.

Con fundamento no exposto con anterioridade; a incorporación destes efectivos está suficientemente xustificada; cumpríndose as esixencias da normativa vixente, en particular os referidos ao artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, en uso das atribucións que lle confire á Xunta de Goberno a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020), propono á Xunta de Goberno acordar:

1º.- Aprobar as bases que rexeran o proceso selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal, de “Persoal de apoio á coordinación de proxecto”, ao obxecto de prestar servizos de carácter laboral temporal na Deputación Provincial de Lugo vinculados/as ao programa Europeo: “Reto rural digital”, para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, proxecto: “Y para digitalizarse Lugo” mediante o sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, grupo C, subgrupo C1.


2º.- Aprobar a convocatoria pública do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de “Persoal de apoio á coordinación de proxecto”, ao obxecto de prestar servizos de carácter laboral temporal na Deputación Provincial de Lugo vinculados/as ao programa europeo: “Reto rural digital”, para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, proxecto: “Y para digitalizarse Lugo”, mediante o sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, grupo C, subgrupo C1.

3º.- Empregar as listaxes de emprego temporal que se convocan exclusivamente para a incorporación de persoal financiado con cargo á axuda concedida no marco do programa europeo: “Reto rural digital”, para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, proxecto: “Y para digitalizarse Lugo”.

4º.- Aplicar os criterios que regulan o funcionamento das Listaxes de Emprego Temporal da Deputación Provincial de Lugo, recollidos nas resolucións de Presidencia de datas 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 8 de outubro de 2009), 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26 de decembro de 2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15 de febreiro de 2019), ou, no seu caso, segundo os criterios vixentes no momento da súa aplicación, publicadas na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo no apartado Emprego Público - RRHH - Selección Temporal.

5º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos sinalados nas bases, desexe participar no proceso selectivo.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	32/34





6º.- Ordear a publicación da presente convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases.

7º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 57/2025-S.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Oficio remitido pola Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 0000057/2025-S polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso de Procedemento Abreviado nº 57/2025-S seguido a instancia de D. José Antonio Álvarez Blanco fronte á Deputación Provincial de Lugo contra á presunta desestimación por silencio administrativo da reclamación presentada por responsabilidade patrimonial da administración como titular dunha finca na que se atopaba un árbol que caeu ocasionando danos no vehículo matrícula E3004BDD que estaba estacionado na rúa Goian de Pantón.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	33/34



15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

	IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Fecha y Hora	25/03/2025 11:41:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SRQHDGEHPRDZDQ4OEOPYOJY	Página	34/34

